

NA UNIVERSIDADE
**ONDE QUEIRAS PERO
COA LINGUA**

Eva María Castro Figueiras
María Cristina Rodríguez Ricart

Universidade de Vigo



© Do texto, as autoras

Edición

Universidade de Vigo, 2019

Área de Normalización Lingüística

uvigo.gal/campus/lingua

Deseño

Desoños

Impresión

Rodi, Artes Gráficas SL

ISBN

978-84-8158-827-9

Depósito legal

VG 619-2019



Tanto este manual
coma os dous
anteriores pódense
descargar en:
[vigo.sal/campus/
lingua/asesoramento](http://vigo.sal/campus/lingua/asesoramento),
no apartado
«Materiais
didácticos»

A responsabilidade institucional na protección e na promoción do galego constitúe un feito que cómpre ter sempre presente. No caso concreto da universidade, como espazo privilexiado dedicado á mobilización de saberes, cuxa finalidade óptima é contribuír a mellorar as condicións nas que transcorre o día a día da poboación, esta responsabilidade é, se cadra, máis urxente. Todas e todos formamos parte dun servizo público no que o idioma galego, malia ser oficial, continúa coa imperiosa necesidade de ser dignificado, normalizado e dinamizado con todos os recursos dispoñibles na docencia, na investigación e na administración.

Desde a Área de Normalización Lingüística (ANL) convidamos a comunidade universitaria a continuar perfeccionando a nosa lingua con este terceiro manual, *Na universidade onde queiras pero coa lingua*. Nel traballamos algúns aspectos non tratados nos dous anteriores e repasamos outros erros recorrentes dos escritos universitarios revisados na ANL. Unha vez máis, achegámosvos pautas con exemplos para que vos poidades desenvolver de maneira correcta en galego e mellorar a calidade do idioma falado e escrito.

No presente libro seguimos afondando en cuestións ortográficas, fonéticas, morfolóxicas e léxicas, á vez que vos ofrecemos listaxes de:

- Estranxeirismos innecesarios
- Topónimos e xentilicios foráneos
- Documentos de uso común na universidade

Aproveitamos a ocasión para vos dar as grazas pola boa acollida desta colección, que pechamos co presente manual. Animámosvos a empregar o galego sen dúbida, con seguridade e onde queiras.

A lingua ^é o futuro

1

Urxencias ortográficas 7

Dúbidas coa acentuación	8
A diérese	13
Baile de letras	13
Os prefixos <i>non-</i> e <i>post-</i>	18
As contraccións coas preposicións	18
Casos especiais de pronunciación	22
Fenómenos propios da lingua galega	23

2

Cuestións morfolóxicas 25

O artigo determinado	26
Algúns usos especiais do posesivo	28
Vaivéns co xénero	29
Trabas co número	32
A comparación	34
Os pronomes persoais átonos	36
O pronome relativo <i>que</i>	38
Verbos con alternancia vocálica	39
Xunto ou separado?	41
Bo uso das preposicións	42

3

Observacións sobre o léxico 45

Parellas e tríades de palabras	46
Outras redundancias	64
Escolla de sinónimos	64

4

Estranxeirismos innecesarios

67

5

Topónimos e xentilicios

77

Toponimia do mundo

79

Toponimia de España

94

6

Siglas e acrónimos

99

7

Documentos institucionais

103

Indicacións de tempo e de lugar


104

Modelos de documentos

106

Bibliografía

113



URXENCÍAS
ORTOGRÁFICAS

DÚBIDAS COA ACENTUACIÓN

O acento gráfico

O acento gráfico ou ortográfico (´) é un signo escrito sobre determinadas vogais para indicar a sílaba tónica (acentuación de intensidade) ou para diferenciar pares de palabras escritas igual, pero con significados distintos (acentuación diacrítica).

⇒ Levan:

- As vogais *i*, *u* cando van antes ou despois dunha vogal átona para indicar que pertencen a sílabas diferentes (hiato):

ruído, contribuír, aínda, prexuízo, país, súa, Raúl, Luís

Olla! Non levan acento gráfico cando entre as dúas vogais aparece un *h*:

prohibo, cohibes

- Os verbos con pronomes enclíticos ou coa segunda forma do artigo compórtanse como unha soa palabra:

regaléillelo (regaleilles o), mercárao (mercara o)

Ti redácta-lo (redactas o) documento.

- Cada elemento das palabras compostas unidas por guión seguen as regras xerais de acentuación:

teórico-prácticas, xurídico-económico

- As letras maiúsculas conservan o acento gráfico segundo as regras de acentuación:

Óscar, Ávila, RODRÍGUEZ

Áa moito frío esta mañá cando saín da casa.

⇒ Non levan:

- Os monosílabos, agás os que presentan acentuación diacrítica:

ti, el, si, nu

- As palabras agudas rematadas en ditongo decrecente (*a, e, o + i, u; i + u*) e en tritongo:

comeu, cantou, partiu, ademais, sociais, copiou

- Os pronomes e os adverbios interrogativos e exclamativos:

Cando vés?

Quen foi!

Mira cantos queres levar.

Coidado!

Agás para evitar ambigüidades nunha oración:

Dille qué queres (que prefires?)/Dille que queres (que aceptas).

- O primeiro termo das palabras compostas sen guión:

videoconferencia, balonmán, Riotorto

- Os adverbios rematados en *-mente*:

difícilmente, economicamente

rápido e axilmente

- Os pronomes demostrativos:

Esta non me gusta pero aquela si.

Ese que cho dean a ti.

O acento diacrítico

Como xa adiantamos, o acento diacrítico úsase para diferenciar pares de palabras escritas igual pero con significados distintos.

Un dos trazos característicos da lingua galega é a existencia na fala de sete vogais diferenciadas polo grao de abertura, que se representan na escrita con cinco letras. No caso das vogais medias (*e, o*), o acento diacrítico indícanos a vogal aberta.



Pechadas	i			u
Medias (abertas)		ɛ		ɔ
Medias (pechadas)		e	o	
Aberta			a	

Velaquí a listaxe dos pares de palabras e os correspondentes exemplos:

á (<i>a + a</i> artigo; substantivo)	a (artigo; pronome; preposición)
bésta («arma», «articulación», «peza de vehículo»)	besta («animal»)
bóla ('esfera')	bola (peza de pan)
cá (<i>ca + a</i>)	ca (conxunción)
chá ('plana')	cha (<i>che + a</i>)
có (<i>ca + o</i>)	co (<i>con + o</i>)
cómpre ('é mester')	compre ('merque')
dá (presente e imperativo de <i>dar</i>)	da (<i>de + a</i>)
dás (presente de <i>dar</i>)	das (<i>de + as</i>)
dó ('compaixón')	do (<i>de + o</i>)
é (presente de <i>ser</i>)	e (conxunción)
fóra (adverbio)	fora (antepretérito de <i>ser</i> e <i>ir</i>)
má ('ruín')	ma (<i>me + a</i>)
máis (adverbio e pronome)	mais (conxunción)
nó (substantivo)	no (<i>en + o</i>)
nós (pronome tónico)	nos (pronome átono; <i>en + os</i>)
ó (<i>a + o</i>)	o (artigo; pronome)
óso (parte do corpo)	oso (animal)
pé (parte do corpo)	pe (letra)
póla (parte dunha árbore)	pola ('galiña'; <i>por + a</i>)
pór ('poñer')	por (preposición)
présa ('apuro')	presa ('prendida'; 'presada')
sé (substantivo; imperativo de <i>ser</i>)	se (conxunción; pronome)
só (adverbio e adxectivo)	so (preposición)
té ('infusión')	te (pronome; letra)
vén (presente de <i>vir</i>)	ven (presente de <i>ver</i> ; imperativo de <i>vir</i>)
vés (presente de <i>vir</i>)	ves (presente de <i>ver</i>)
vós (pronome tónico)	vos (pronome átono)

⇒ *Ti e mais eu*

As formas verbais mantéñen este acento cando van seguidas dun pronome átono:
«Dálle a mazá a Pepe»; «Este rapaz éche o demo, éo»

Os plurais tamén conservan o acento diacrítico

*Fixate!
Ca (conxunción
comparativa)
non contrae co
artigo segundo os
criterios lingüísticos
adoptados pola
Universidade de Vigo:*

*«Houbo máis
solicituds ca a
pasada semana»*

*«Ten menos cartos
ca o pai»*

A decana acudiu **á** secretaría da facultade.

O conserxe revisaba a **bóla** do rodamento mentres comía un cacho de **bola**.

É máis lista **ca** min pero menos **cá** súa compañeira.

Rompeulle unha **bésta** ao camiión por levar demasiadas **bestas** á feira.

Dareicha cando deixes a base **chá**.

Non hai mellor proxecto **có** seu, pero gústame **co** programa do pasado ano.

Cómpre que **compre** unha probeta para o laboratorio.

Dálle o xustificante antes de vires **da** visita ás instalacións.

Ti **dáslle** ao adestrador as acreditacións **das** persoas participantes.

O coche **é** moi rápido **e** estable.

Antón xa **fora** entregar as actas cando oíu un ruído **fóra**.

Entrégama a min antes de que veña esa **má** alumna.

Cibrán e **mais** Breixo queren **máis** responsabilidades.

Faílle un **nó** á bolsa das pilas para botala **no** punto limpo.

A **nós** non **nos** convidaron á xuntanza.

O alumnado de bioloxía foi buscar cogomelos **ó** monte.

Xa podedes analizar os **ósos** do **oso** morto.

Dubra debuxou un **pe** maiúsculo na escaiola do **pé**.

A **pola** subiu á **póla** da cerdeira **pola** escada que había na árbore.

Hai que **pór** un sinal de prohibido para que non pase ninguén **por** aí.

Ía con moita **présa** despois de apañar unha **presa** de follas ao atravesar a **presa** do río.

Se non queres suspender **sé** moi estudoso.

Quedou **só** aínda que estaba **so** o dominio do seu xefe.

Axúdote igual aínda que non me ofrezas un **té**.

A informática **ven** mañá revisar o ordenador, pois na conserxaría **ven** que leva días funcionando mal.

Ti **vés** do pavillón e non **ves** que está a chover!

Vós non **vos** decatades de que **vos** están utilizando?

O acento de intensidade

Moitos dos erros na acentuación gráfica proceden dunha pronuncia incorrecta da sílaba tónica debido ao contacto co castelán.

⇒ AGUDAS

alfil	nobel	quefir
chofer	novel	radar
cepelín	popurrí	sonar

⇒ GRAVES

acne	ibero	pelicano
argon	karate	radon
atmosfera	medula	réptil
ciclope	mísil	sinerxía
clúster	neon	tetraplexía
diocese	omoplata	téxtil
elite	paraplexía	traquea
flúor	parasito	vertixe
heroe	paxaro	xermolo

Olló! carácter → caracteres

⇒ ESDRÚXULAS

aerólito	décatlon	período
alvéolo	eléctrodo	petróglifo
amálgame	endócrino	Prácticum
amoníaco	espécime	rubéola
biótopo	isóbara	termóstato
bronquíolo	óboe	tríatlon
cardíaco	olimpíada	xeróglifo

A DIÉRESE

A diérese (¨) é un signo ortográfico constituído por dous puntos sucesivos en horizontal.

Usos

- Escríbese sobre a letra *u* para indicar que se pronuncia esta vogal nas sílabas *güe, güi*, fronte a *gue, gui*:

lingüística, bilingüe, antigüidade

- Utilízase sobre a letra *i* da primeira e da segunda persoa do plural do copretérito de indicativo dos verbos rematados en *-aer, -oer, -aír* e *-oír* para distinguilo do presente de subxuntivo:

caíamos, oíades, saíamos

- Emprégase tamén sobre a letra *i* da primeira e da segunda persoa do plural do copretérito de indicativo dos verbos acabados en *-uír*:

constituíamos, argüíades, posuíamos

BAILE DE LETRAS

A posición dominante do castelán exerce unha presión sobre o galego coa presenza de moitos castellanismos. Ortograficamente destacamos as seguintes palabras:

Algunhas consoantes

B

abelá	baleiro	polbo (cefalópodo)
automóbil	biscaíño	rebentar
bafo	marabilla	ribeira
balde	móbil	trobador

V

acívoro	garavanzo	vermellón
avó	gravar	verniz
avoa	gravata	verza
avogado	pavillón	voda
covarde	trevo	voitre
escaravello	varrer	vulto
esvelto	vasoira	xavelina

⇒ **SEN H**

aí	inchar	orfo
ata	irmán	óso
baía	ola	ovo
ermida	ombro	truán
ermo	oco	úmero

**LEMBRA!**

A presenza ou a ausencia de *b/v* e de *h* débese á súa existencia en latín ou non (criterio etimolóxico):

vota → voda

mirabilia → marabilla

ovum → ovo

⇒ **SEN N**

abotoar	coroa	orde
ameaza	doar	padroado
amoestar	doazón	perdoar
amontoar	entoar	persoa
area	estrear	razoar
areal	frear	soar
cadea	galardoar	son
campá	intervir	ter
cea	la	terreo
centeo	lúa	ventá
colmea	manter	vir
comadroa	moeda	xerar
consoante	mosteiro	xeración
contedor	obter	

S

biscoito	espoliar	estranxeiro
escusa	espremer	estraño
escavar	esquerda	xasmín
esplendor	estender	

X

cornixa	graxa	xarampón
extenso	taxa	xordo

Olla! As palabras que teñen dous x entre vogais poden cambiar o primeiro por un s:

esaxerar/exaxerar, esixir/exixir, osíxeno/oxíxeno, asexar/axexar

Algúns grupos consonánticos

Ten en conta!
subtraer
subtracción
subtraendo

-BS-

subscribir	substantivar	substitución
subscrición	substantivo	substrato
substancia	substituír	

-CC-

adición	convicción	dicción
afección	corrección	equinoccio
cocción	detección	succión

-C-

adición (suma, engadido)	contradición	dedución
condución	construción	introdución

-CT-

adicto	edicto	obxecto
adxectivo	ictericia	olfacto
corrector	invicto	respecto
deíctico	obxectivo	veredicto

-T-

acueduto	confli <u>to</u>	produ <u>to</u>
adutor	ditado	vitoria
conduta	estrutur <u>a</u>	

*Lembra!
reitoría
reitor*

Certas terminacións

-AXE

aprendizaxe	friaxe	paraxe
cifrax <u>e</u>	listax <u>e</u>	sondax <u>e</u>
estampax <u>e</u>	marcax <u>e</u>	tirax <u>e</u>
etiquetax <u>e</u>	modelax <u>e</u>	vantax <u>e</u>
derrapax <u>e</u>	mostrax <u>e</u>	

-CIO/-CIA

aprecio	estancia	presenciar
ausencia	influencia	vixencia
diferenciar	presencial	

Olla! Galicia/Galiza son formas correctas. A primeira é a solución maioritaria e a segunda, a forma medieval recuperada no galego contemporáneo.

-ZO, -ZA

cansazo	graza	prezo
desprezo	grazas	sentenza
diferenza	licenza	servizo
doenza	perseveranza	terzo
espazo	pertenza	xuízo
finanza	presenza	xustiza

-CIÓN

derrogación	formulación	obligación (obriga)
desagregación	iluminación	repartición
devindicación	introdución	subministración
deterioración	marcación	taxación

*Coidado!
doazón
traizón*



-E

abdome	glute	réxime
análise	ímaxe	seme
apendicite	lique	sintaxe
certame	marxe	virxe
crime	orde	xene
ditame	orixe	xerme
exame	pole	

Ollo!
diabetes
dolmen, lumen

-MENTO

aboamento	cesamento	esquecemento
abonamento (abono)	cobramento (cobro)	financiamento
acabamento	constrinximento	investimento
achegamento	coñecemento	licenciamento
acontecemento	crecemento	movemento
agradecemento	cruzamento	nacemento
alleamento	desafuzamento	padecemento
alugamento	desarmamento	pagamento (pago)
apertamento	desenvolvemento	pedimento (petición)
apoderamento	desfalcamento (desfalco)	procedemento
apuntamento	despedimento (despido)	procesamento
arrubiamento	dimensionamento	rendemento
atragoamento	divertimento	repartimento
atrevemento	doutoramento	seguimento
axuizamento	embargamento (embargo)	tocamento
casamento	empredemento	transvasamento
cerramento	entendemento	

Por seren
as formas
tradicionais

Darémoslles preferencia a *abonamento*, *cobramento*, *desfalcamento*, *despedimento*, *embargamento* e *pagamento* fronte aos respectivos sinónimos sen o sufixo *-mento*.

OS PREFIXOS NON- E POST-

Non-

Elemento que entra na composición de palabras para indicar oposición ou condición contraria á palabra seguinte. Únese á palabra mediante un guión:

non-discriminatoria, non-intervención, non-sustentable

Post-/Pos-

Elemento para formar palabras co significado de 'posterior no espazo e no tempo'. Úsase *post-* cando a palabra comeza por vogal, *s-* ou *h-* e *pos-* cando empeza por consoante:

postoperatorio, posparto, postsecundaria, posgrao, posreunión, posthumanista

AS CONTRACCIÓN COAS PREPOSICIÓNS

As contraccións son unións de dúas palabras nunha soa. As preposicións contraen cos seguintes tipos de palabras:

O artigo

- O artigo determinado contrae coas preposicións *a*, *con*, *de*, *en* e *por*:

	o	a	os	as
a	ao	á	aos	ás
con	co	coa	cos	coas
de	do	da	dos	das
en	no	na	nos	nas
por	polo	pola	polos	polas

Os topónimos
que levan artigo
támén contraen:

«Marchou uns días
ao Carballiño»
«Casarân o sábado
na Merca»
«Vou cara á Coruña para
asistir a un congreso»

- O artigo indeterminado contrae coas preposicións *con*, *de* e *en*:

	un	unha	uns	unhas
con	cun	cunha	cuns	cunhas
de	dun	dunha	duns	dunhas
en	nun	nunha	nuns	nunhas

Coidado! A preposición *con* nunca contrae co artigo indeterminado cando este é o núcleo da frase:

*Queda ~~cunha~~, que eu teño de sobra. → Queda con unha, que eu teño de sobra.

*Vaia ~~cun~~ ou con outro, o tempo será o mesmo. → Vaia con un ou con outro, o tempo será o mesmo.

Os demostrativos

- Os demostrativos contraen coas preposicións *en* e *de*:

	este	esta	estes	estas	isto
	ese	esa	eses	esas	iso
	aquel	aquela	aqueles	aquelas	aquilo
	deste	desta	destes	destas	disto
de	dese	desa	deses	desas	diso
	daquel	daquela	daqueles	daquelas	daquilo
	neste	nesta	nestes	nestas	nisto
en	nese	nesa	neses	nesas	niso
	naquel	naquela	naqueles	naquelas	naquilo

↗ En galego *elo* é cada un dos aros que forma unha cadea:

Atende!

*Con ~~elo~~ rematamos a sesión de hoxe. → Con isto/iso rematamos a sesión de hoxe.

*Estar a ~~elo~~. → Estar a isto/iso.

As formas *iste*, *ise* e *aquil* son variantes dialectais. Polo tanto, nunca as empregaremos nunha linguaxe coidada.

- Á súa vez, as preposicións *de* e *en* contraen coas contraccións do demostrativo + o indefinido *outro*:

	outro	outra	outros	outras
este	estoutro	estoutra	estoutros	estoutras
ese	esoutro	esoutra	esoutros	esoutras
aquel	aqueloutro	aqueloutra	aqueloutros	aqueloutras

E este é o resultado:

	estoutro	estoutra	estoutros	estoutras
	esoutro	esoutra	esoutros	esoutras
	aqueloutro	aqueloutra	aqueloutros	aqueloutras
de	destoutro	destoutra	destoutros	destoutras
	desoutro	desoutra	desoutros	desoutras
	daqueloutro	daqueloutra	daqueloutros	daqueloutras
en	nestoutro	nestoutra	nestoutros	nestoutras
	nesoutro	nesoutra	nesoutros	nesoutras
	naqueloutro	naqueloutra	naqueloutros	naqueloutras

Os indefinidos

- Os indefinidos *algún* e *outro*, cos seus femininos e plurais, contraen coas preposicións *en* e *de*:

	algún	algunha	algúns	algunhas
de	dalgún	dalgunha	dalgúns	dalgunhas
en	nalgún	nalgunha	nalgúns	nalgunhas

	outro	outra	outros	outras
de	doutro	doutra	doutros	doutras
en	noutro	noutra	noutros	noutras

Fixate! Algo e *alguén* nunca contraen:

*É ~~dalgún~~ o coche? → É de alguén o coche?

*~~Nalgo~~ anda enredado. → En algo anda enredado.

O pronome persoal tónico

- O pronome persoal tónico *el, ela* contrae coas preposicións *en* e *de*:

	el	ela	eles	elas
en	nel	nela	neles	nelas
de	del	dela	deles	delas

Coidado! O pronome *il* é dialectal e non se debe utilizar nunha linguaxe formal.

- *Nosoutros/as* e *vosoutros/as* refírense a un grupo pechado de individuos coñecidos entre si:

O relator díxolles ás persoas asistentes: «Vós tedes todo un futuro por diante».

Nosoutras non iremos á cea desta noite.

- Recoméndase utilizar as formas *connosco* e *convosco* por ser tradicionais, fronte a *con nós* e *con vós*:

Ponte en contacto connosco no enderezo electrónico que figura abaixo.

Mañá irei convosco ao teatro.

- A miúdo na linguaxe administrativa e xornalística utilízase o *mesmo(s)/a(s)* de xeito incorrecto para referirse a un elemento mencionado antes no discurso. Cómpre substituílo por demostrativos, posesivos ou pronomes persoais:

*Asistimos a unha reunión e durante ~~a mesma~~ aconteceu algo.

→ Asistimos a unha reunión e durante esta aconteceu algo.

CASOS ESPECIAIS DE PRONUNCIACIÓN

Á hora de falar ou de ler, a lingua galega presenta algunhas diferenzas con respecto á escrita:

- A preposición *a* + *o, os* (artigo) presentan como única pronuncia correcta *ó, ós*:

Fun ao colexio. → Fun [ó] colexio.

Dálles os libros aos nenos. → Dálles os libros [ós] nenos.

- A conxunción comparativa *ca* + *o, a, os, as* (artigo) dise na fala *có, cá, cós, cás*:

É máis amable ca a súa muller. → É máis amable [cá] súa muller.

Estuda máis ca as súas irmás. → Estuda máis [cás] súas irmás.

Consérvase mellor ca o cuñado. → Consérvase mellor [có] cuñado.

- As formas verbais rematadas en *-r* ou en *-s*, agás os participios, + *o, a, os, as* (artigo) teñen como única pronuncia a que reproduce a segunda forma do artigo:

Ti es o demo. → Ti [elo] demo.

Tes que mercar o agasallo. → Tes que [mercalo] agasallo.

Ten en conta!
Unha vez ~~feitas~~ as
cousas... → Unha vez
feitas as cousas...

- Os pronomes *nos, vos e lles* enclíticos ao verbo + *o, a, os, as* (artigo):

Deixounos o xornal enriba da mesa. → [Deixóunolo] xornal enriba da mesa.

Levoulles a comida aos obreiros. → [Levóullela] comida aos obreiros

- Os pronomes *nós* e *vós* + *os, as* (artigo) seguidos dunha precisión numérica:

Nós as dúas estivemos en Ourense. → [Nolas] dúas estivemos en Ourense.

Vós os catro formaredes parte do equipo. → [Volos] catro formaredes parte do equipo.

- As palabras *todos, todas, tras, (e) mais, ambos, ambas, entrambos e entrambas* + *o, a, os, as* (artigo):

Todos os lapis son vermellos. → [Tódolos] lapis son vermellos.

Ti e mais a avoa quedades na casa. → Ti e [maila] avoa quedades na casa.

Ambas as nenas foron ao parque. → [Ámbalas] nenas foron ao parque.

- Nos verbos rematados en *-n* e nas palabras *non, nin, quen, tamén, ben, sen, alguén* e *ninguén* + *o, a, os, as* (artigo ou pronome) o *-n* deixa de pronunciarse velar (*unha, algunha, ningunha* etc.) e pasa a alveolar porque non se realiza unha pausa:

Non o quero. → [Nono] quero.

Ten a vida asegurada. → [Tena] vida asegurada.

Tamén as comeron. → [Tamenas] comeron.

unha, inhumano, anhelar

O «n» velar é un dos sons máis característicos do galego

- A letra *x* pode representar dous sons:

taxa, xamón, xente, xeografía, xersei [x]

aproximar, axioma, conexión, exacto, exame, léxico, máximo, paradoxo, prefixo, texto [ks]

- A preposición *para* pode pronunciarse 'pra' ou 'para':

Veu para me dar unha noticia. → Veu [pra/para] me dar unha noticia.

FENÓMENOS PROPIOS DA LINGUA GALEGA

A gheada e o seseo son realizacións dialectais propias da nosa lingua. Na fala son válidas e correctas, pero na escrita non se representan.

Gheada

A gheada prodúcese cando o *g* se pronuncia coma un son aspirado (por exemplo, *house* do inglés). É un fenómeno maioritario do territorio galego, propio da Galicia occidental, que debemos usar e respectar:

ghato, ghicho, ghoma, ghaliña

Seseo

O seseo consiste na pronuncia do *c* e do *z* coma se fosen un *s* (por exemplo, *casa*) en calquera posición ou só ao final de sílaba ou de palabra. Atopámolo nunha franxa ao longo da costa occidental de Galicia:

sapato, sinco, lus, des



QUESTIONS MORFOLÓGICAS

O ARTIGO DETERMINADO

O artigo determinado presenta un substantivo coñecido pola persoa emisora. A súa presenza é obrigatoria nos seguintes casos:

- Cos posesivos, agás os nomes de parentesco máis próximos:

O meu coche está no taller.

Quero que me deixes a túa chaqueta.

A súa cadela está a xogar.

- Cos indefinidos *todos/as*, *ambos/as* e *entrambos/as*:

Fala a todas as horas.

Ambas as mulleres comeron peixe.

Entrambos os rapaces ergueron a anciá.

- Cos adxectivos *presente*, *citado*, *devandito* e *dito*:

Pola presente carta comunícolle que está admitido no curso.

As devanditas persoas serán suplentes.

Os obxectivos recóllense no citado regulamento.

- Coas estacións do ano:

No verán iremos ás illas Cíes.

Sempre vén pola primavera.

- Coas partes do día (*o amencer*, *o mediodía*, *a tarde*, *o serán*, *a tardiña*, *a noite* etc.):

Sae de paseo sempre pola tardiña.

Quedamos ao mediodía para xantar.

- Cos días da semana se van acompañados de modificadores:

O vindeiro luns comezan as clases.

O venres pasado fun a un concerto.

→
Sempre irán
acompañados por
un substantivo

O!lo!
O artigo omítese
cando van
precedidas da
preposición
«de»
«*guarda de noite,*
de mañá cedo,
sesión de tarde»

-
- Cos substantivos *casa, clase, cama, man, misa* etc.:

Estiven na casa todo o día.

Na clase ía moita calor.

Xa está na cama.

-
- Cos nomes de certas festividadeas (*a Candeloria, as Candeas, o entroido, a Semana Santa, a Coresma, a Pascua, o San Xoán, o Santiago, a Peregrina, o San Miguel, o San Martiño, o Nadal* etc.):

Asás «Santos»
Mataremos o
porco por Santos

Lembrouse do asunto no Nadal.

Pola Pascua imos á feira a Padrón.

No San Xoán fixemos unha fogueira no camiño.

-
- Coas denominacións de ríos, mares, lagos e montes cando levan implícito o nome xeográfico:

o Miño, o Cantábrico, o Aloia

-
- Con algúns topónimos:

O Porriño, O Carballiño, A Coruña

-
- Con moitas locucións adverbiais:

ás veces, á fin, á présa, ás escuras, ao chou

-
- Cos nomes propios de persoa expresa familiaridade e carece de connotación vulgar ou pexorativa:

Vou saír coa Pili.

O Quique sempre ten algo que dicir.

Coidado! Nos casos en que se presupón un trato de familiaridade que non hai, o uso do artigo convértese nunha falta de cortesía:

O autor do libro é Bieito López Afonso.

ALGÚNS USOS ESPECIAIS DO POSESIVO

Os posesivos empréganse para identificar algo referíndose á persoa posuidora. Deseguido destacamos tres usos:

- As formas *de meu, de teu, de seu, de noso e de voso*, en masculino e en singular, indican, principalmente, pertenza exclusiva ou calidade propia por natureza:

A casa veuse abaixo de seu.

Teño coche de meu.

Son rancorosos de seu.

Lembra! Moitas veces vense substituídos polo calco do castelán *o meu propio, o teu propio* etc., pero debe usarse a forma xenuína galega:

Traballa no ~~seu propio~~ restaurante. → Traballa no restaurante de seu.

- As formas *cadanseu(s), cadansúa(s)* serven para adxudicarlle un obxecto a cada persoa dentro dun grupo (posesivo distributivo):

Ás miñas fillas déronlles cadansúa boneca.

Durante o acto recibiron cadanseus premios.

No plural, o adxectivo *senllos/senllas* é sinónimo de *cadanseus/cadansúas*:

Durante o acto recibiron senllos premios.

Estas formas estanse a desprazar pola forma castelá «cada un/unha o seu/súa»

- Os posesivos femininos poden substituír a construción da preposición *de* + pronome persoal:

Eles sentaron diante nosa/diante de nós.

A nena subiu enriba miña/enriba de min.

VAIVÉNS CO XÉNERO

En xeral, son masculinos os substantivos rematados en -o e femininos os acabados en -a, pero pola influencia do castelán ás veces podemos dubidar no xénero dalgunhas palabras. Comunmente, os substantivos en galego conservan o xénero do seu étimo latino.

MASCULINOS

os antípodas	o dote	o riso
o cal	o labor	o sal
o cárcere	o legume	o sangue
o costume	o leite	o sinal
o couce	o mel	o sorriso
o cume	o nariz	o wiki (informática)
o cuspe	o paradoxo	o xiz
o diadema	o pesadume	

FEMININOS

a análise	a cute	a orixe
a apóstrofe	a dínamo	a otite
a aprendizaxe	a dor	a paisaxe
a árbore	a eclipse	a pantasma
a área	a énfase	a paréntese
a arma	a epígrafe	a peaxe
a arte	a equipaxe	a ponte
a atenuante	a fraude	a porcentaxe
a auga	a fronte	a síndrome
a aula	a laranxeira	a suor
a calor	a linguaxe	a testemuña
a canle	a marxe	a viaxe
a cor	a omoplata	a wifi
a coraxe	a orde	

Atende! É un castelanismo empregarmos o artigo masculino diante das palabras femininas que comezan por *a* tónico:

**o* arte, **o* arma, **o* auga

Formación do feminino

O feminino dos substantivos e dos adxectivos constrúese normalmente coa terminación *-a*, a excepción dalgúns casos como os seguintes:

- Termos rematados en vogal tónica engaden un *-a*:

avó/avoa
cru/crúa
nu/núa
só/soa

- Palabras acabadas en *-án* perden o *-n*:

anción/anciá
catalán/catalá
cidadán/cidadá
cirurxián/cirurxiá
irmán/irmá
ourensán/ourensá

*Asás os
despectivos*

→ pailán/pailana
→ charlatán/charlatana

- Vocábulos rematados en *-ón* fan o feminino en *-oa*:

anfitrión/anfitríoa
campión/campioa
faraón/faraoa
ladrón/ladroa, ladra
león/leoa
patrón/patroa

*Asás os
pexorativos*

⇒ solteirón/solteirona
⇒ folgazán/folgazana

- Formas con terminacións especiais:

grou/grúa
heroe/heroína

rei/raíña
sandeu/sandía
tsar/tsarina
xograr/xograresa
xudeu/xudía
poeta/poetisa

«Poeta» tamén é unha
forma válida para
ambos os xéneros

-
- Substantivos invariables. O artigo é quen nos informa sobre o xénero:

o/a artista
o/a atleta
o/a estudante
o/a guía
o/a intérprete
o/a mártir
o/a personaxe
o/a refén

Ollo!
«o xerente/a xerente»

Valor semántico

Hai casos en que o cambio de xénero implica unha alteración de significado:

-
- Significados distintos:

a terminal (dun aeroporto)/o terminal (dun ordenador)
a web (páxina)/o web (sitio)

-
- Diferenza de tamaño ou de forma:

a carballa/o carballo
a saca/o saco

-
- Designación do individual fronte ao colectivo:

a froita/o froito
a ova/o ovo

- Denominación dun río ou da súa comarca:

O Arnoia/A Arnoia

O Ulla/A Ulla

Concordancia

Cando un adxectivo acompaña dous ou máis substantivos, escríbese en masculino e en plural, agás se todos os substantivos son femininos:

A súa casa e o seu coche son brancos.

O seu irmán e o seu amigo son louros.

Asistiremos ao Curso de lingua e cultura galegas.

TRABAS CO NÚMERO

O número permite clasificar os substantivos e os adxectivos en singular e en plural.

Formación do plural

Deseguido repasamos algunhas regras á hora de redactar un texto:

- Os monosílabos rematados en *-l* engaden *-es*, ao igual ca os seus compostos:

cal/cales

cartafof/cartafoles

xel/xeles

mel/meles

ollomol/ollomoles

pel/peles

rol/roles

sal/sales

sol/soles

tal/tales

-
- As palabras agudas de máis dunha sílaba acabadas en -l mudan o -l por -is:

aerosol/aerosois

animal/animais

aval/avaís

azul/azuis

baúl/baúís

caracol/caracois

civil/civís

control/controis

papel/papeis

perfil/perfís

«Aerosol» e «caracol»
non son palabras compostas

Fixate!
«aguel/agueles»

-
- As palabras graves acabadas en -l engaden -es:

téxtil/téxtiles

túnel/túneles

útil/útiles

-
- As palabras graves acabadas en -n engaden -s:

dolmen/dolmens

mitin/mitins

Coidado!
«xene/xenes»

-
- Algúns substantivos rematados en -s son invariables:

o oasis/os oasis

o lapis/os lapis

o luns/os luns

-
- As siglas unicamente admiten a flexión de número no artigo:

a/as ONG

a/as peme

o/os DNI

Nunca levan punto

Concordancia

Tanto se os substantivos están en singular coma en plural, o adxectivo vai en plural:

A nena e o neno máis altos da clase collerán os balóns.

Os libros e os cadernos antigos están no meu cuarto.

A COMPARACIÓN

A comparación é un procedemento mediante o cal dicimos algo dun concepto relacionándoo con outro. Segundo o seu significado as estruturas comparativas poden dividirse en comparativas de igualdade, de superioridade e de inferioridade.

Coma/Como

Empregáanse nas construcións comparativas de igualdade.

- *Coma* é obrigatorio diante dos pronomes persoais:

Está famenta coma min.

Á avoa gústalle o viño tanto coma a ti.

- *Como* é obrigatorio diante dun verbo:

É tan orgullosa como pensaba.

Faino como queiras.

- Nos demais casos poden usarse *coma* ou *como*:

Gústalle viaxar coma/como a súa nai.

Colleuna coma/como se fose un xoguete

Canta coma/como quen sabe.

Recoméndase o uso da forma «coma» por ser a máis habitual



LEMBRA!

Ás veces a distinción entre o valor modal e o valor comparativo de «coma/como» non está clara. Nestes casos, úsase coma se equivale a 'igual ca'; pola contra, como se equivale a 'segundo', 'conforme', 'en calidade de':

«Para este posto buscamos unha persoa coma/como a anterior»
«Tomou posesión como conselleira»

Ca/Que/Do que

Utilízanse nas construcións comparativas de superioridade ou de inferioridade.

- *Ca* é obrigatorio diante dos pronomes persoais:

É máis alta *ca* min.

Mercou menos lambetadas *ca* ela.

- *Do que* é obrigatorio diante dunha forma verbal conxugada:

Gasto máis *do que* gaño.

Fai máis *do que* pode.

- No resto dos casos é opcional o uso de *ca* ou *que*:

É máis tranquilo *ca/que* a súa irmá.

Ten menos buxainas *ca/que* o veciño.

Recoméndase o uso da forma «ca» por ser exclusiva da lingua galega

- O mesmo ocorre coas construcións que non son propiamente comparativas:

Non sabes máis *ca/que* ouvear.

Está máis *ca/que* contento.

Ten en conta!

Á hora de falar da idade dunha persoa, non se usan as formas *maior/menor*, senón *máis novo/máis vello*:

Dubra é a miña filla máis nova.

O teu home é máis vello *ca* ti.

- Nunha comparación con respecto á primeira persoa, é obrigatorio empregar o pronome *min*:

*É peor *ca eu*. → É peor *ca min*.

OS PRONOMES PERSOAIS ÁTONOS

Os pronomes desempeñan as mesmas funcións ca un substantivo ou ca un grupo nominal, ademais de servir para evitar repeticións. Velaquí recolleemos algunhas das particularidades dos pronomes persoais átonos.

O pronome de segunda persoa (*te/che*)

- En xeral, o pronome de segunda persoa de complemento directo *te* emprégase cando quen fala se refire a un 'ti', mentres que o de complemento indirecto *che* se usa cando alude a algo relacionado con ese 'ti':

Cóllote ás cinco na túa casa.

Cólloche unha chaqueta?

Corteiche un pouco de xamón e de queixo.

- Unha regra para diferencialos é substituír *te* polo pronome de terceira persoa *o/a* e *che* por *lle*:

Vinte na rúa. → Vínola na rúa.

Deiche un libro. → Deille un libro.

Fixate!

Che tamén indica confianza ou afectividade coa persoa interlocutora, moi característico do galego (pronome de solidariedade). Se o eliminamos non varía o significado:

Téñoche moitas ganas de ir./Teño moitas ganas de ir.

O pronome de terceira persoa de complemento directo (*o, a, os, as*)

O pronome persoal de terceira persoa presenta unha serie de variantes dependendo de onde vaia colocado na oración:

- As formas *o, a, os, as* empréganse cando o pronome non está unido ao verbo ou cando vai pegado a formas verbais rematadas en vogal ou en *-n*:

Non o quere máis.

Límpaa cando acabes.
Collina de debaixo da mesa.

- As formas *-lo, -la, -los, -las* utilízanse cando o pronome vai unido a formas verbais acabadas en *-s* ou en *-r* ou xunto a outro pronome persoal átono rematado en *-s* (*nos, vos, lles*):

Aínda non nolo devolveu.
Vou estudalo para aprobar con boa nota.
Xa llelo dixen onte.

- As formas *-no, -na, -nos, -nas* úsanse cando o pronome vai unido a formas verbais rematadas en ditongo:

Faino cando poidas.
Comeunas todas.
Ameino moito.

O pronome de terceira persoa de complemento indirecto (*lle, lles*)

Os pronomes *lle* e *lles* poden perder dialectalmente a oposición entre singular e plural, é dicir, úsase *lle* en todos os casos. O mesmo ocorre coa contracción de *lles* co pronome *o, a, os, as*. Cómpre corrixilo no galego estándar por non ser normativo:

Leveille o coche a meu pai. → Leveillo.
Regaleille unhas botas á miña filla. → Regaleillas.
Serviulles unha tortilla aos obreiros. → Servíullela.
Deixádelles os apuntamentos ás compañeiras. → Deixádellelos.

Lembra! É característico do galego reduplicar o complemento indirecto co pronome átono (*lle/lles*):

Solicítolles a vostedes que entreguen a documentación o máis axiña posible.

O pronome de interese

Os pronomes *me, che, lle, nos, vos, lles* poden empregarse para expresar a persoa subxectivamente afectada pola acción verbal:

A nena non *me* bebe nada.

O bebé *quérelle* o chupete.



O pronome de interese, ao igual ca o de solidariedade, se o suprimimos non varía o significado.

Contraccións

Sempre que teñamos dous pronomes persoais átonos, un coa función de complemento directo e outro coa de indirecto, realizaremos as seguintes contraccións:

	o	a	os	as
me	mo	ma	mos	mas
che	cho	cha	chos	chas
lle	llo	lla	llos	llas
nos	nolo	nola	nolos	nolas
vos	volos	vola	volos	volas
lles	llelo	llela	llelos	llelas

O PRONOME RELATIVO QUE

Os relativos son elementos de relación da cláusula que introducen, ao igual ca as conxuncións. Nunha linguaxe coidada, cando o relativo vai precedido dunha preposición, evitaremos o artigo polo seu carácter redundante:

A casa na que estiven vendérona. → A casa en que estiven vendérona.

O alumno do que che falei aprobou. → O alumno de que che falei aprobou.

Son persoas coas que non podes falar. → Son persoas con que non podes falar.

- Se necesitamos especificar o xénero e o número do antecedente con que concorda, debemos acudir á estrutura *o cal, a cal, os cales, as cales*:

A casa na cal estiven vendérona.

O alumno do cal che falei aprobou.

Son persoas coas cales non podes falar.

Atende! Cómpre ter coidado co emprego abusivo do relativo *que* porque recarga o estilo. Nestes casos podemos tratar de substituír (non sempre é posible) a oración de relativo polo adxectivo correspondente:

Os asuntos que teñen importancia... → Os asuntos importantes...

- Cando o antecedente equivale a 'no lugar en que', podemos utilizar o relativo *onde*:

É incorrecto a construción «en» + «onde»



Esta é a casa onde nacín.

*Pechou a mercería ~~en onde~~ mercaba os fíos. → Pechou a mercería onde mercaba os fíos.

VERBOS CON ALTERNANCIA VOCÁLICA

O verbo é unha palabra variable que serve para expresar accións, procesos ou estados. Existen verbos regulares da segunda e da terceira conxugación en que a vogal do lexema sofre modificacións no tema de presente:

Alternancia vogal aberta/vogal pechada

- Formas verbais que se pronuncian con vogal aberta na segunda e na terceira persoa do singular e na terceira do plural do presente de indicativo.

Ti bebes demasiado. [bɛbes]

Ela move os libros para limpar o po. [mɔves]

Os nenos collen lambonadas de enriba da mesa. [collen]

Esta alternancia non ten repercusións gráficas

Outros verbos: *beber, chover, cocer, coller, comer, correr, coser, defender, entender, erguer, escorrer, espremer, doer, fender, ferver, meter, moer, morder, morrer, mover, ocorrer, percorrer, premer, prender, remexer, render, rexe, romper, sorber, tender, tremer, vencer* etc.

Asás crer, deber, esguecer, ler, poder, guerer etc.

Alternancia i/e

Presente (ind.)	Presente (subx.)	Imperativo
consigo	consiga	
con se gues	cons ig as	con sig ue
con se gue	cons ig a	
con se guimos	cons ig amos	
con se guides	cons ig ades	con se guide
con se guen	cons ig an	

Os máis frecuentes son *conseguir, ferir, mentir, seguir, sentir, servir* etc.

Presente (ind.)	Presente (subx.)	Imperativo
invisto	invista	
invistes	invistas	inviste
inviste	invista	
investimos	investamos	
investides	investades	investide
invisten	invistan	

Algúns destes verbos son *adherir, advertir, agredir, competir, concernir, divertir, dixerir, inferir, inserir, investir, medir, pedir, referir, reflectir, repetir, suxerir, transgredir* etc.



LEMBRA!

*Se dúbidas coa conjugación
da algún verbo, búscalo no Dicionario
da Real Academia Galega
(<https://academiagaal/dicionario/>)
e fai clic en 'Conxugar'*

Alternancia u/o

Presente (ind.)	Presente (subx.)	Imperativo
ac <u>u</u> do	ac <u>u</u> da	
ac <u>o</u> des	ac <u>u</u> das	ac <u>u</u> de
ac <u>o</u> de	ac <u>u</u> da	
ac <u>u</u> dimos	ac <u>u</u> damos	
ac <u>u</u> dides	ac <u>u</u> dades	ac <u>u</u> dide
ac <u>o</u> den	ac <u>u</u> dan	

Máis exemplos: *acudir, bulir, cubrir, cumprir, cuspir, durmir, engulir, fundir, fuxir, lucir, pulir, sacudir, subir, sufrir, tusir, ulir, urdir, xurdir* etc.

XUNTO OU SEPARADO?

Neste apartado repasamos só os adverbios, preposicións e conxuncións (e as respectivas locucións) que máis veces atopamos escritos incorrectamente nos documentos:

XUNTO

acotío	decontado	enseguida
amodo	decotío	entrementes
apenas	deseguida	talvez
arredor	deseguido	
dabondo	devagar	

SEPARADO

á parte	ao redor	de acordo
a partir de	ás veces	en fronte
a pesar de	así mesmo	no entanto
a rente, a rentes	cara a*	
a través de	con relación a/en relación con	

*Olla!

«Cara a» omite a preposición «a» ante os adverbios de lugar «aguí, acá, aí, alí, alá, arriba, abaixo, adiante, atrás» etc.:

«A tenda debe estar cara alá»

«Dálle cara atrás para que o miremos»

Atende!
~~a partires de~~
~~a veces~~
~~a pesares de~~

Nota: *conforme* e *consonte* nunca levan preposición:

*Fala conforme ao que pensas. → Fala conforme o que pensas.

*Consonte á profesora, debemos agardar. → Consonte a profesora, debemos agardar.

BO USO DAS PREPOSICIÓNS

No galego conviven unha serie de estruturas erradas co uso da preposición e que cómpre evitar:

• A

afección ~~po~~a música → afección á música

pintura ~~de~~ óleo → pintura ao óleo

~~por~~ instancia de → a instancia de/á instancia de

traducir ~~en~~ varios idiomas → traducir a varios idiomas

tres veces ~~por~~ día → tres veces ao día

• Con

~~a~~este fin → con este fin

de acordo ~~a~~ → de acordo con

en relación ~~a~~ → en relación con

• Contra

atentar ~~a~~ → atentar contra

falta ~~sobre~~ alguén → falta contra alguén

medicamento ~~para~~ → medicamento contra

• De

avión ~~a~~ reacción → avión de reacción

barco ~~a~~ vapor → barco de vapor

barco ~~a~~ vela → barco de vela

camisa ~~a~~ raías → camisa de raías

catedrático/a ~~en~~ Inmunoloxía → catedrático/a de Inmunoloxía
cociña ~~a~~ gas → cociña de gas
distinto ~~a~~ → distinto de
estufa ~~a~~ gas → estufa de gas
~~en~~ aceiro inoxidable → de aceiro inoxidable
motor ~~a~~ gasolina → motor de gasolina
ola ~~a~~ presión → ola de presión
técnico/a ~~en~~ normalización lingüística → técnico/a de normalización lingüística
vehículo ~~a~~ motor → vehículo de motor

• En

~~á~~ cola do pelotón → na cola do pelotón
~~á~~ marxe → na marxe
~~en base a~~ → baseado en
cátedra ~~de~~ Inmunoloxía → cátedra en Inmunoloxía
fotocopia ~~a~~ cor → fotocopia en cor
Grao ~~de~~ Fisioterapia → Grao en Fisioterapia
véxase ~~eo~~ dorso → véxase no dorso

• Para

~~a~~ este fin → para este fin
~~os~~ efectos → para os efectos
correo ~~a~~ enviar → correo para enviar

• Por

~~a~~ pedimento de → por pedimento de
~~o~~ menos → polo menos
~~o~~ miúdo → polo miúdo
~~o~~ xunto → por xunto
gañar ~~de~~ dous goles → gañar por dous goles
pulsacións ~~o~~ minuto → pulsacións por minuto
quilómetros ~~á~~ hora → quilómetros por hora



OBSERVACIONES SOBRE O LÉXICO

PARELLAS E TRÍADES DE PALABRAS

A ver/Haber

- A ver: preposición *a* + verbo *ver*

A ver se estudas un pouco máis.

- Haber: infinitivo do verbo *haber*

Vai haber un concerto no parque.

Aboar/Abonar

- Aboar: pagar a cantidade correspondente

Xa aboei a cota de socia.

- Abonar: adquirir o dereito, mediante un pagamento, de recibir un servizo periodicamente

Abónate á nova publicación mensual.

Abondar/Abundar

- Abondar: ser suficiente

Abonda con que traías un biscoito.

- Abundar: ter ou haber en abundancia

Neste terreo abundan as patacas.

Acceso/Aceso

- Acceso: lugar por onde se accede a un sitio

O acceso ao edificio está na parte da esquerda.

- Aceso: do verbo *acender*

Deixou o farol aceso.

Achegar/Aportar

- Achegar: contribuir

Coa documentación deberás achegar unha copia do DNI.

- Aportar: chegar a porto

Aportaron pola mañá cedo en Vigo.

Ah/Ha

- Ah: interxección

Ah!, que sorpresa ti por aquí.

- Ha: interxección para imitar o son do riso; do verbo *haber*; símbolo da hectárea

Ha!, que gracioso es!

Xoan hache de ir á universidade.

Escavaron 3 ha do terreo.

Ai/Aí

- Ai: interxección

Ai!, estasme a facer dano.

- Aí: adverbio de lugar

O caderno telo aí.

Aldea/Pobo

- Aldea: núcleo pequeno de poboación, de carácter rural

Esa aldea vai quedar sen habitantes.

- Pobo: conxunto de persoas que viven nun lugar

O pobo galego necesita que lle devolvan o que é seu.

Alimentario/Alimenticio

- Alimentario: relativo aos alimentos ou á alimentación

No hotel houbo unha intoxicación alimentaria.

- Alimenticio: que alimenta

Este peixe é moi alimenticio.

Almorzo/Xantar

- Almorzo: primeira comida do día

De almorzo adoito tomar café só con galletas.

- Xantar: comida do mediodía

Hoxe teño bacallau para o xantar.

Ano/Año

- Ano: período de tempo

O vindeiro ano será bisesto.

- Año: cría da ovella

Mataremos un año para o xantar do domingo.

Aparcadoiro/Aparcamento

- Aparcadoiro: lugar onde se estacionan os vehículos

O aparcadoiro do centro comercial estaba completo.

- Aparcamento: acción e resultado de *aparcar*

Suspendín por realizar un mal aparcamento.

Apoio/Respaldo

- Apoio: soporte

O seu apoio foi fundamental para a súa recuperación.

- Respaldo: parte da cadeira

Este respaldo é moi cómodo.

Aprehender/Aprender

- Aprehender: coller algo ou alguén que se persegue; captar ou assimilar algo coa mente

A policía aprehendeu o fuxitivo.

É moi nova para aprehender a filosofía da vida.

- Aprender: adquirir coñecementos; transmitir coñecementos

O alumnado aprendeu moi ben a lección.

A mestra aprendeulles a silabar palabras.

Aroma/Arume

- Aroma: cheiro agradable

Que aroma desprende este viño!

- Arume: folla do piñeiro

Un sinónimo de *arume* é *frouma*.

Axuda de custo/Dieta

- Axuda de custo: diñeiro para os gastos derivados por realizar unha actividade fóra do centro de traballo habitual

Ingresáronme a axuda de custo da semana pasada.

- Dieta: conxunto de alimentos que unha persoa ou un animal necesita consumir

El segue unha dieta equilibrada.

Axuntamento/Concello

- Axuntamento: acción e efecto de *axuntar* ou *axuntarse*; reunión de diferentes persoas

Terá lugar un axuntamento esta tarde ás 18.00 horas.

- Concello: municipio; corporación constituída polo alcalde ou alcaldesa e polos concelleiros/as; edificio onde están as oficinas desta corporación

Agora resido no concello de Mos.

O Concello aprobará mañá o novo plan xeral.

A documentación entregárase no Concello de Vigo.

Basto/Vasto

- Basto: pau da baralla

Cantou vinte en bastos.

- Vasto: que ocupa moito espazo

Hai unha vasta rexión dedicada á gandaría.

Botar/Votar

- Botar: facer caer algo nun lugar determinado

Vou botar o lixo ao contedor.

- Votar: emitir o voto

O domingo hai que ir votar.

Canceríxeno/Canceroso

- Canceríxeno: que produce cancro

O tabaco é canceríxeno.

- Canceroso: que presenta cancro

Na revisión médica detectáronlle células cancerosas.

Canon/Canón

- Canon: maneira como se debe facer algo ou como está establecido que se faga

Nos últimos tempos o canon de beleza evolucionou moito.

- Canón: peza de artillaría

Dispararon cos canóns toda a noite.

Chan/Solo

- Chan: superficie que pode ser pisada polas persoas e polos animais e que pode servir de apoio para as cousas

A nena está tombada no chan.

- Solo: parte superficial da codia da Terra

As características do solo son propicias para o seu cultivo.

Consoante/Consonante

- Consoante: cada unha das letras que, xunto coas vogais, forman o alfabeto

O alfabeto galego contén dezaioito consoantes.

- Consonante: dise da rima en que coinciden todos os sons a partir da última vogal acentuada

Este poema ten rima consonante.

Cuarto/Habitación

- Cuarto: dormitorio

O meu cuarto está desordenado.

- Habitación: acción e efecto de *habitar*

O local conta con varias habitacións.

De balde/En balde

- De balde: gratis

A entrada para o concerto é de balde.

- En balde: inutilmente

Fixen o traballo en balde.

Data/Fecha

- Data: indicación precisa do tempo en que acontece ou se fai algo

No documento debes incluír a data de hoxe.

- Fecha: pequena cantidade de líquido; escuro de todo

Éche hora de mandarlle unha fecha de viño.

Cando chegou xa era noite fecha.

Desenrolarse/Desenvolverse

- Desenrolarse: deixar de estar enrolado ou envolto

O fío desenrolouse.

- Desenvolverse: ter lugar dun modo ou nun lugar determinado; pasar dun estado a outro máis perfecto, ter maior actividade ou adquirir maior importancia; quitar o envoltorio

O acto desenvolveuse conforme o previsto.

Na entrevista desenvolveu todas as súas calidades.

Vou desenvolver o paquete que me trouxeron.

Dirección/Enderezo

- Dirección: orientación, rumbo ou sentido dunha acción

Despois o discurso tomou outra dirección.

- Enderezo: lugar de residencia; serie de números ou de caracteres que serven para identificar un ordenador ou un usuario/a nunha rede

O enderezo está incorrecto.

Emerxencia/Urxencia

- Emerxencia: acción e efecto de saír á superficie.

Emerxencia é antónimo de *mergullo*.

- Urxencia: necesidade ou situación urxente

Aí está a saída de urxencia do edificio.

Emprazar/Situar

- Emprazar: citar a alguén un xuíz ou xuíza

A xuíza emprazouno para mañá ás 9.00 horas.

- Situar: localizar algo nun lugar

O edificio está situado no centro da cidade.

Escada/Escaleira

- Escada: utensilio para subir e baixar formado por dúas barras longas paralelas unidas por chanzos

Colleu a escada para subir ao tellado.

- Escaleira: construción formada por chanzos

Subiu ao primeiro andar pola escaleira mecánica.

Esperto/Experto

- Esperto: estar sen durmir

O neno aínda está esperto.

- Experto: ser coñecedor de algo

É un experto na conservación dos océanos.

Esterno/Externo

- Esterno: óso do peito

Levei un golpe no esterno e dóeme ao respirar.

- Externo: referido a algo de fóra

Este é un servizo externo á universidade.

Estourar/Explotar

- Estourar: estalar, estoupar unha bomba ou algo similar

Estourou unha pirotecnia en Tui.

- Explotar: tirar beneficio de algo; aproveitarse do traballo excesivo dunha persoa

Explotan unha mina de carbón.

Na empresa explotaban o persoal traballador.

Estremo/Extremo

- Estremo: límite dunha propiedade

O extremo da leira é onde está o marco.

- Extremo: punto máximo

Non leves o asunto a tal extremo.

Estudio/Estudo

- Estudio: cuarto ou local

Está a gravar un disco no estudio.

- Estudo: do verbo *estudar*

Rematou os estudos e xa atopou traballo.

Fai/Hai/Vai

- Facer: feito temporal concreto

Onte fixo un ano que me operei.

- Haber: tempo cronolóxico

Hai anos que non falo con el.

- Ir: tempo meteorolóxico

Hoxe vai moita calor.

Fogo/Lume

- Fogo: artificio de pólvora; disparo producido por unha arma de fogo

Este ano haberá fogos artificiais.

A policía abriu fogo contra os asaltantes.

- Lume: luz e calor producida pola combustión

Prendéronlle lume ao monte.

Grúa/Guindastre

- Grúa: ave

A grúa é a femia do grou.

- Guindastre: máquina

Ese guindastre estano a utilizar para construír o edificio.

Ho/Oh

- Ho: interxección para chamar a atención de quen oe

Si, ho! Que veña el.

- Oh: interxección para manifestar sorpresa, asombro, admiración, pena etc.

Oh! Como cambiaches!

Imos/Vamos

- Imos: presente de indicativo

Xa hai tempo que non imos á feira.

- Vamos: imperativo

Vamos, que chegamos tarde.

Influencia/Influenza

- Influencia: acción e efecto de *influír*

A influencia da súa nai serviulle para moito.

- Influenza: gripe

Este ano vou pór a vacina contra a influenza.

Inserir/Inxerir

- Inserir: meter unha cousa noutra

Inseriu a tarxeta no caixeiro automático.

- Inxerir: tragar

Leva dous días sen inxerir ningún alimento.

Inversión/Investimento

- Inversión: alteración, cambio

Coa inversión das cores, parece outro cuarto.

- Investimento: acción de investir cartos en algo

Realizarei un grande investimento en bolsa.

Ir/Marchar

- Ir: moverse cara a un lugar

Mañá irei á farmacia.

- Marchar: deixar un lugar

Marchou da casa.

Largo/Longo

- Largo: ancho

Esta porta ten un ancho de 90 cm.

- Longo: que ten moita lonxitude ou dura moito tempo

Que longa é esta bufanda!

Luar/Lunar

- Luar: resplandor da Lúa

Pensaba mentres contemplaba o luar.

- Lunar: propio da Lúa ou relativo a ela; pequena mancha escura da pel; figura en forma de círculo

A nave espacial acaba de pousarse na superficie lunar.

María ten moitos lunares no corpo.

Merquei un vestido de lunares.

Ola/Onda

- Ola: saúdo; recipiente; medida de capacidade para líquidos

Ola! Como andamos?

Vou lavar a ola para facer o cocido.

Trouxéronme unha pipa de catro olas.

- Onda: cada elevación na superficie do mar, dun río ou dun lago; cambio brusco de temperatura; curva nalgunhas cousas flexibles; preposición que expresa proximidade espacial; fenómeno físico

Hoxe o mar está moi perigoso porque hai ondas moi grandes.

A partir de mañá chegará unha onda de calor.

Ten unha melena loura e con ondas.

A filla foi onda ela.

Con este experimento aprenderemos como son as ondas sonoras.

Percorrer/Recorrer

- Percorrer: ir dun lugar a outro

Percorreu todo o hospital e non atopou a paciente.

- Recorrer: acudir a algo ou a alguén; usar unha cousa como axuda ou solución; presentar un recurso

Terei que recorrer á miña familia para solucionar este problema.

Podedes recorrer a internet se tedes dúbidas.

Recorreu contra a sentenza.

Poxa/Puxa

- Poxa: venda pública que consiste en adxudicar algo a quen máis ofrece por el

Trouxen dous galos das poxas de San Bertolomeu.

- Puxa: acción e efecto de *puxar* (tirar, turrar)

Na puxa rompeulle a chaqueta.

Prever/Previr/Prover

- Prever: crer, coñecer ou imaxinar con anticipación

Prevense un temporal para esta tarde.

- Previr: tratar de evitar

Non debemos de fumar para previr o cancro de pulmón.

- Prover: facer que alguén dispoña de algo que precisa

Proveranse as e os atletas do avituallamento necesario.

Quecer/Quentar

- Quecer: adquirir calor, entrar en calor

Aínda non me queceron os pés.

- Quentar: facer que algo aumente de temperatura

Vou quentar unha pouca de auga.

Radio/Raio

- Radio: óso do brazo; receptor de emisións de radiodifusión; elemento químico

Fracturou o radio e teñen que operalo.

Escoita a radio todas as mañás.

O símbolo do radio é Ra.

- Raio: liña recta que vai desde o centro dunha circunferencia a calquera punto dela; liña ou feixe de luz que desprende un corpo luminoso; descarga eléctrica

Rompeulle un raio á bicicleta.

Os raios solares envellecen.

Un raio queimoulle a fonte eléctrica do PC.

Reixa/Rella

- Reixa: protección nas ventás, cerrado arredor da casa etc.

Imos pintalas reixas das ventás porque comezan a oxidarse.

- Rella: parte de ferro, cortante, situada na punta do arado; peza da roda do carro

Torceu a rella esta mañá cando labrou o teu campo.

A rella do carro pode ser de madeira ou de ferro.

Secreto/Segredo

- Secreto: adxectivo

O diñeiro estaba agochado nun lugar secreto.

- Segredo: substantivo

Non sabe gardar un segredo.

Serea/Serena

- Serea: ser fantástico

Este ano disfrazouse de serea.

- Serena: tranquila

Estivo serena durante o acto.

Sono/Soño

- Sono: necesidade de durmir

Teño tanto sono que xa non podo máis.

- Soño: o que se imaxina durante o sono

Tiven un soño esta noite que me fascinou.

Testemuña/Testemuño

- Testemuña: persoa que presencia un feito

Citaron as testemuñas do accidente para mañá.

- Testemuño: declaración que fai unha testemuña

O testemuño de Pepe foi fundamental no xuízo.

Último/Derradeiro

- Último: O máis recente

Acaban de publicar o meu último libro.

- Derradeiro: último elemento dunha serie sen posibilidades de continuación

Esa foi a súa derradeira palabra antes de morrer.

Vocal/Vogal

- Vocal: relativo á voz

Tiveron que operala das cordas vocais.

- Vogal: son que se produce cando o aire non atopa obstáculo ningún; membro dun xurado, consello, tribunal etc.

En galego hai sete vogais.

Nomeárono vogal do tribunal.

Xeneral/Xeral

- Xeneral: cargo do exército

O seu avó foi xeneral.

- Xeral: común

Este problema é de interese xeral.

Xeneralizar/Xerar

- Xeneralizar: facer xeral algo; aplicar a un conxunto amplo algo que é propio dun número limitado de casos

Non se pode xeneralizar, sempre hai excepcións.

- Xerar: dar orixe a algo, facer que teña lugar

Iso pode xerarnos problemas.

OUTRAS REDUNDANCIAS

A redundancia é o emprego innecesario dunha palabra, habitualmente completando outra:

accidente fortuíto → accidente

a súa propia vida → a súa vida

ambas as dúas → ambas

ambos os dous → ambos

autoconsumo familiar

→ autoconsumo

baixar abaixo → baixar

campus universitario → campus

cita previa → cita

colofón final → colofón

completamente de balde

→ de balde

cooperación mutua

→ cooperación

coordinados entre si

→ coordinados

festivo magosto → magosto

máis maior → maior

obsequio gratuíto → obsequio

orografía do terreo → orografía

pálpebras dos ollos → pálpebras

participación activa

→ participación

perruca postiza → perruca

prensa escrita → prensa

querela criminal → querela

sorpresa inesperada → sorpresa

subir arriba → subir

terrible desastre → desastre

testemuña presencial

→ testemuña

túnel subterráneo → túnel

últimas novidades → novidades

ESCOLLA DE SINÓNIMOS

Cando en galego existen dúas palabras sinónimas, unha semellante en castelán, recomendamos usar o primeiro termo de cada parella por ser exclusivamente galego:

á ala

abano abanico

abonamento abono

abranguer abarcar

abrollar brotar

acadar conseguir

acedo ácido

adiar aprazar

afacerse acostumarse

afastar apartar

agardar esperar

agás excepto, salvo

agasallo regalo

alfándega aduana

aloumiñar acariciar

andel estante

ao abeiro de ao amparo de


ao chou ao azar

aparello aparato

arestora neste momento

asemade	ao mesmo tempo
asinar	firmar
axóuxere	cascabel
atopar	encontrar
aturar	aguantar
bacía	conca, cunca
bágoa	lágrima
beizo	labio
cancro	cáncer
co gallo de	con motivo de
coidar	crer
convidar	invitar
cor	color
cortadoría	carnicaría
curmá	prima
curmán	primo
cuspe	saliva
de balde	gratis
despedimento	despido
dor	dolor
empréstito	préstamo
espallar	difundir
fiestra, xanela	ventá
fita	cinta
gañar	ganar
gorxa	garganta

lembrarse	acordarse
listaxe	lista
luva	guante
mágoa	pena
malia	a pesar de
medrar	crecer
mercar	comprar
mestrado	máster
obradoiro	taller
ombreiro	ombro
orzamento	presuposto
pagamento	pago
pechar, fechar	cerrar
pedimento	petición
pendurar	colgar
pescudar	investigar
póla	rama
preto	cerca
rocha	roca
serodio	tardío
tempada	temporada
unlla	uña
verba	labia
vindeiro	próximo
xornal	periódico
xuro	rédito


*Lembra!
 Deve primar a
 variante diferencial!*



ESTRANXEIRISMOS INNECESARIOS



Na actualidade, debido aos medios de comunicación, o traslado de palabras a outras linguas é moi numeroso, sobre todo do inglés. A incorporación dos estranxeirismos non sempre responde á necesidade de nomear unha nova entidade, senón que substitúen palabras existentes. A maioría das veces son innecesarios porque a lingua galega xa posúe un termo para designar ese obxecto ou concepto.



A	Incorrecta	Correcta
	abstract	resumo, extracto
	aerobic	aeróbic
	affaire	negocio ilícito, asunto ilegal, caso escandaloso, aventura amorosa
	after hours	club nocturno
	after shave	loción para despois do afeitado
	after sun	loción para despois do sol
	airbag	coxín de seguridade
	antidoping	antidopaxe
	app	aplicación
	aquadance	baile acuático
	aquagym	ximnasia na auga
	atelier	obradoiro ou estudo dun pintor/a, escultor/a, modisto

B	Incorrecta	Correcta
	babysitter	coidador/a de criaturas, neneiro/a
	back flip	salto cara atrás
	backstage	entre bastidores, tras o pano
	backup	copia de seguridade
	bacon	touciño entrefebrado
	badminton	bádminton
	baffle	pantalla acústica
	baguette	barra de pan fina
	banner	anuncio
	barman	camareiro
	basket	baloncesto
	big data	macrodatos
	birdwatching	observación de aves
	blazer	americana
	bloc	caderno
	bluetooth	transmisión de datos sen cables
	BMX	bicicleta de saltos
	boom	éxito, auxe, moda
	box	caseta, garaxe, compartimento
	boxer	calzón
	bol (ou bowl)	cunca, cunca grande
	brand	marca, identificación comercial
	brander personal	consultor/a de marca persoal
	break	descanso
	brunch	almorzo informal
	BTT	bicicleta todoterreo
	bug	fallo
	bullying	acoso escolar
	business	negocios
	business class	clase preferente
	bypass	desviación coronaria
C	cardiofitness	en boa forma
	cash	diñeiro en efectivo
	casting	selección, elenco
	catering	servizo de comidas por encargo
	celebrities	famosos/as
	CEO (chief executive officer)	director/a executivo
	chat	conversación
	check in	registro de entrada
	check out	registro de saída
	chip	microprocesador
	Christmas	postal de Nadal, tarxeta de Nadal

	Incorrecta	Correcta
	closet	roupeiro, gardarroupa
	cluch	bolso de festa de man
	coach	adestrador/a, preparador/a persoal
	coaching	adestramento personalizado
	cocktail	cóctel
	community manager	xestor/a de comunidade
	consulting	consultoría
	cool	estupendo, excelente, fantástico, marabilloso
	coolhunter	cazatendencias
	cowboy	vaqueiro
	corner	saque de esquina, córner
	crack	fóra de serie, número un, as, fenómeno
	cracker	pirata informático
	cricket	crícket
	cross	carreira a través do campo, cros
	cross training	adestramento funcional
	crossover	todocamiño
	crowdfunding	mecenado participativo, micromecenado, financiamento en masa, financiamento colectivo
	cyberbullying	ciberacoso
D	delicatessen	exquisitez
	demodé	pasado de moda
	disc jockey	picadiscos
	display	pantalla
	dress code	código de vestimenta
	dribbling	caneo, finta
E	egoblog	blogueiro de moda
	e-book	libro electrónico
	e-learning	aprendizaxe electrónica, aprendizaxe virtual
	e-mail	correo electrónico
	eyeliner	lapis de ollos líquido
	eye pencil	lapis de ollos
F	fair play	xogo limpo
	fake new	noticia falsa (en internet)
	fashion	moda
	fashion week	semana da moda
	fast food	comida rápida
	feedback	retroacción, retroalimentación, realimentación
	feeling	química, atracción

	Incorrecta	Correcta
	fitness	tonificación
	fitting	proba de vestiario
	flashback	escena retrospectiva, secuencia retrospectiva
	flyer	propaganda, publicidade (en soporte papel)
	follower	seguidor/a
	footbrige	pasarela
	free style	estilo libre
	freelance/freelancer	traballador/a profesional, independente, autónomo, por libre
	full text	documento completo
G	gag	chiste
	geocaching	procura de tesouros
	glamour	encanto
	glitter	purpurina, brillante
	gloss	brillo de beizos
	gourmet	gastrónomo
	gym	ximnasio
H	hacker	pirata informático
	hall	recibidor, vestíbulo
	handicap	inconveniente, desvantaxe
	happy ending	final feliz
	hardware	soporte físico
	hashtag	etiqueta, cancelo
	hat trik	tripleto
	head-hunter	cazatalentos
	hobby	afección, pasatempo
	hockey	hóckey
I	indoor	cuberto, de interior, baixo teito, en pista cuberta
	influencer	persoa influente
	input	entrada, datos de entrada, potencia de entrada, custo, investimento, factores de produción
	it boy	rapaz que marca tendencia
	it girl	rapaza que marca tendencia
J	jeans	pantalón vaqueiro
	jet set	alta sociedade
	jet sky	moto acuática
	Job Day	Día do Traballo
	jobs days	xornadas
	jogging	correr lentamente

	Incorrecta	Correcta	
K	karting	carreira de karts	
	kayak	kaiak	
	keyword	palabra clave, palabra chave	
	kickboxing	boxeo de pé	
	kit	conxunto de pezas	
	kite surf	surf con papaventos	
L	legging	malla	
	lifting	estiramento facial	
	light	suave, lixeiro, livián, hipocalórico, baixo en calorías	
	like	gústame	
	linier	xuíz/a de liña	
	link	ligazón, enlace	
	lipstick	barra ou lapis de beizos	
	lobby	grupo de presión, vestíbulo	
	look	imaxe, estilo, aparencia, aspecto	
	lookbook	catálogo de tendencias	
	low cost	barato, económico, de baixo custo	
	M	magazine	revista
		make up	maquillaxe
		malware	programa maligno
manager		preparador/a, administrador/a, xerente/a, axente artístico	
marketing		mercadotecnia, comercialización	
mass media		medios de comunicación, medios de difusión	
master class		clase maxistral	
match		partido, combate	
mentoring		mentoría	
merchandising		produtos comerciais, promoción comercial, comercialización, merchandaxe	
mobbing		acoso laboral	
motocross		carreira de motocicletas todoterreo	
mountain bike		bicicleta de montaña	
MTB (mountain bike)		ciclismo de montaña, bicicleta de montaña	
muffin		magdalena	
must		imprescindible	
N		networking	rede profesional de contactos
		newsletter	boletín
	notebook	ordenador portátil	
O	ok	moi ben, de acordo, vale	
	off the record	confidencial, extraoficial	
	on line	en liña	


	Incorrecta	Correcta
	open	aberto
	outfit	conxunto
	outlet	tendas de descontos, seccións de descontos
	output	saída
	overbooking	saturación, sobreventa
P	pack	lote, paquete, caixa
	packaging	envoltorio
	paddle surf	surf de remo
	panty	media
	paper	artigo, publicación, ensaio, comunicación, relatorio, informe
	parasailing	paracaidismo deportivo, paravelismo
	parking	aparcadoiro, estacionamento
	password	contrasinal
	pen drive	lapis de memoria, memoria USB
	performance	espectáculo, representación, actuación, interpretación
	personal brander	consultor/a personalizado
	personal training	adestramento personalizado
	picnic	comida campestre, pícnic
	ping pong	tenis de mesa, pimpón
	pitch	comunicación verbal
	phisher	cibercriminal
	phishing	suplantación de identidade
	photocall	sesión de fotos
	planning	plan, planificación, programa, programación
	playback	son pregravado
	pole position	primeira posición
	posting	entrada, comentario, publicación dunha entrada
	pressing	presión (deportes)
	prime time	horario de máxima audiencia
	puenting	pontismo
	puzzle	crebacabezas
R	racing	carreira de coches
	rafting	balsismo, descenso de rápidos
	ranking	clasificación, categoría, listaxe
	reality show	programa ou concurso de telerrealidade
	record	registro, marca, récord
	remake	adaptación, nova versión, versión
	rider	repartidor/a, mensaxeiro/a
	roaming	tarifa, custos ou servizos de itinerancia

Incorrecta	Correcta
runner	corredor/a
running	correr
S safety car	coche de seguridade
sale	desconto, oferta, rebaixa
sandwich	emparedado, sándwich
script	guión, argumento, texto, escrito (espectáculo); arquivo de ordes, arquivo de procesamento por lotes (informática)
selfie	autofoto
self-service	autoservizo
sex appeal	atractivo físico
share	cota de pantalla
shock	choque, impacto
shooting	sesión fotográfica
shopping	ir de compras
short	pantalón curto
show	espectáculo, función, gala, número, exhibición
showcase	escaparate
showman	presentador dun espectáculo
skater	patinador/a, monopatinador/a
sketch	número cómico, escena, número, peza
skyboard	táboa de esquí
slalom	sláalom
smart city	cidade intelixente
smartphone	teléfono intelixente
smartwatch	reloxo intelixente
smoking	traxe de noite
snorkeling	submarinismo de superficie, submarinismo con tubo e lentes
snowboard	surf sobre neve
social media	medios sociais e de mercadotecnia de contidos
software	soporte lóxico
spam	correo lixo
sparring	ensaio de combate de boxeo, compañeiro/a de adestramento de boxeo
speaker	locutor/a
speech	discurso, conferencia
spinning	ciclismo na sala
spin-off	filial, empresa derivada, serie derivada (televisión, radio, traballo narrativo, videoxogo)

	Incorrecta	Correcta
	sponsor	patrocinador/a
	sport	deportivo
	sport wear	roupa deportiva
	spot	anuncio publicitario
	stand	caseta, posto, pavillón
	stand by	repouso
	standing	categoría, nivel de vida
	startup	compañía incipiente, empresa emerxente
	step training	adestramento con plataforma
	sticker	adhesivo
	stock	existencias, excedente, mercancías almacenadas
	streaming	retransmisión a través de internet
	stretching	estiradas
	SUV (sport utility vehicle)	vehículo deportivo utilitario
	sweater	suadoiro, xersei
T	tablet	tableta
	thriller	suspense
	ticket	tícket
	top model	supermodelo
	top secret	máximo segredo, moi confidencial
	topless	sen sostén
	total body conditioning	acondicionamento corporal total
	trail running	carreira de montaña, correr pola montaña
	trailer	avance
	training	adestramento
	training bike	adestramento con bicicleta
	trench	gabardina curta
	trending	de moda
	trending topic	tema do momento, tema de moda, tendencia
	triathlon	tríatlon
	tricot	punto
	TRX	adestramento en suspensión
	tweet	chío
U	update	actualización
V	vending	venda automática
	VIP (very important people)	persoas moi importantes
	video clip	vídeo musical
W	wakeboard	esquí acuático sobre táboa
	website	sitio web
Y	youtuber	youtubeiro/a



TOPÓNIMOS E XENTILICIOS



No tocante aos nomes de países, nacións, rexións, estados, capitais e cidades máis importantes, dúas son as solucións: adaptaremos os topónimos cunha forma consolidada en lingua galega, os referidos a unha realidade de nova creación ou os que presentan un alfabeto distinto ao noso. Pola contra, os topónimos que teñen un uso menor conservarémoslos na lingua orixinal.



Nos documentos institucionais, na toponimia das comunidades autónomas españolas onde o castelán é a única lingua oficial empregaremos a forma castelá; nas comunidades cunha lingua propia utilizaremos a denominación oficial dos topónimos recollida na lexislación estatal ou autonómica respectiva.

TOPONIMIA DO MUNDO

Topónimo: xentilicio 

- A** **Abruzos:** abrucés, abrucesa
-
- Acerbaixán:** acerbaixano, acerbaixana
-
- Addis Abeba:** adisabebano, adisabebana
-
- Afganistán:** afgán, afgá
-
- Alasca:** alascano, alascana
-
- Albania:** albanés, albanesa
-
- Albi:** albixense
-
- Alcobaça:** alcobacense
-
- Alemaña:** alemán, alemá
-
- Alentexo:** alentexano, alentexana
-
- Alexandría:** alexandrino, alexandrina
-
- Algarve:** algarvío, algarvía
-
- Alsacia:** alsaciano, alsaciana
-
- Álger:** alxerino, alxerina
-
- Alxeria:** alxeriano, alxeriana
-
- Ámsterdam:** amsterdamés, amsterdamesa
-
- Anam:** anamita
-
- Anatolia:** anatolio, anatolia
-
- Andorra:** andorrano, andorrana
-
- Angers:** anxevino, anxevina
-
- Angola:** angolano, angolana
-
- Anjou:** anxevino, anxevina
-
- Antigua e Barbuda:** antiguano, antiguana
-
- Antillas:** antillano, antillana
-
- Anveres:** anveresino, anveresina
-
- Arabia Saudita:** saudita
-
- Arezzo:** aretino, aretina

Armenia: armenio, armenia

Argentina: arxentino, arxentina

Atenas: ateniense

Ática: ático, ática

Australia: australiano, australiana

Austria: austríaco, austríaca

Aveiro: aveirense

Aviñón: aviñonense

Azores, Os: azoriano, azoriana

B **Bagdad:** bagdadí

Bahamas: bahamés, bahamesa

Bahrain: bahraní

Baía: baiano, baiana

Balcáns: balcánico, balcánica

Balí: balinés, balinesa

Bangladesh: bangladeshí

Barbados: barbadés, barbadesa

Barcelos: barcelense

Basilea: basiliano, basiliana

Baviera: bávaro, bávara; bavarés, bavaresa

Bearn: bearnés, bearnesa

Beira: beirón, beiroa

Beirut: beirutí

Belarús: belaruso, belarusa; biolorruso, bielorrusa

Belén: belenita

Belgrado: belgradino, belgradina

Belize: belizense

Bélxica: belga

Bengala: bengalí

Benín: beninés, beninesa

Berlín: berlinés, berlinesa

Bermudas: bermudano, bermudana

Berna: bernés, bernesa

Biarritz: biarritzarra

Bogotá: bogotano, bogotana

Bohemia: bohemio, bohemia

Bolivia: boliviano, boliviana

Boloña: boloñés, boloñesa

Bordeos: bordelés, bordelesa

Bos Aires: porteño, porteña; bonaerense

Bosnia: bosníaco, bosníaca

Boston: bostoniano, bostoniana

Botswana: botswaniano, botswaniana

Braga: bracaraense

Braganza: bragancés, bragancesa

Brandeburgo: brandeburgués, brandeburguesa

Brasil: brasileiro, brasileira

Brasília: brasiliano, brasiliana

Bretaña: bretón, bretoa

Brunei: bruneiano, bruneiana

Bruxelas: bruxelés, bruxelesa

Bulgaria: búlgaro, búlgara

Burkina Faso: burkinense

Burundi: burundiano, burundiana

Bután: butanés, butanesa

C **Cabilia:** cabilo, cabila

Cabo Verde: caboverdiano, caboverdiana

Cabul: cabulés, cabulesa

Cairo, O: cairota

Calabria: calabrés, calabresa

California: californiano, californiana

Camberra: camberrano, camberrana

Camboxa: camboxano, camboxana

Camerún: camerunés, camerunesa

Camiña: camiñense

Canadá: canadense

Cantón dos Grisóns: grisón, grisoa

Cantón: cantonés, cantonesa

Capadocia: capadocio, capadocia

Caracas: caraqueño, caraqueña

Caribe: caribeño, caribeña

Cáucaso: caucásico, caucásica

Caxemira: caxemirés, caxemiresa

Chad: chadiano, chadiana

Champaña: champañés, champañesa

Chechenia: checheno, chechena

Cherburgo: cherburgués, cherburguesa

Chile: chileno, chilena

China: chinés, chinesa

Chipre: chipriota

Cidade de México: mexicano, mexicana

Cidade do Vaticano: vaticano, vaticana

Cimbabue/Zimbabwe: cimbabués, cimbabuesa; zimbabwés, zimbabwesa

Cisjordania: cixordano, cixordana

Coímbra: coimbrán, coimbrá

Colombia: colombiano, colombiana

Colonia: colonés, colonesa

Comores: comoriano, comoriana

Congo: congolés, congolesa

Corea do Norte: norcoreano, norcoreana

Corea do Sur: surcoreano, surcoreana

Corfú: corfiota

Cornualles: cornuallés, cornuallesa

Córsega: corso, corsa

Costa do Marfil: marfilés, marfilesa

Costa Rica: costarriqueño, costarriqueña

Cracovia: cracoviano, cracoviana

Cremona: cremonés, cremonesa

Creta: cretense

Croacia: croata

Crotona: crotonés, crotonesa

Cuba: cubano, cubana

D **Damasco:** damasquino, damasquina

Dinamarca: dinamarqués, dinamarquesa; danés, danesa

Djibuti: djibutiano, djibutiana

Dominica: dominico, dominica

Dubai: dubaití

Dublín: dublinés, dublinesa

Dunkerque: dunkerqués, dunkerquesa

E **Ecuador:** ecuatoriano, ecuatoriana

Edimburgo: edimburgués, edimburguesa

Emiratos Árabes Unidos: emiratí

Eritrea: eritreo, eritrea

Escandinavia: escandinavo, escandinava

Escocia: escocés, escocesa

Eslavonia: eslavón, eslavoa

Eslovaquia: eslovaco, eslovaca

Eslovenia: esloveno, eslovena

España: español, española

Micronesia: micronesio, micronesia

Estados Unidos de América (EUA): estadounidense

Estocolmo: estocolmés, estocolmesa

Estonia: estoniano, estoniana

Estrasburgo: estrasburgués, estrasburguesa

Etiopía: etíope

Egipto: egipcio, egipcia

F **Feroe:** feroés, feroesa

Ferrara: ferrarés, ferraresa

Fez: fecí; fecino, fecina

Filipinas: filipino, filipina

Finlandia: finlandés, finlandesa

Fixi: fixiano, fixiana

Flandres: flamenco, flamenga

Florenia: florentino, florentina

Florida: floridano, floridana

Francia: francés, francesa; galo, gala

Frankfurt: frankfurtés, frankfurtesa

Friburgo: friburgués, friburguesa

